

PANCHA

A moeda de Ribadeo



ADHESIÓN E COBRO DA PANCHA

Que preciso para adherirme?

1. Ter un establecemento físico permanente aberto ao público e situado en Ribadeo.
2. Levar a cabo unha actividade principal incluída nos epígrafes da convocatoria*.
3. Ser persoa empresaria autónoma, micropeme ou pequena empresa de conformidade coa definición do regulamento (UE) N°651/2014 da CE.

*Detalles IAE.- Segundo a clasificación de pígrafes do IAE, poderán adherirse á campaña todos aqueles establecementos que estean dados de alta en algún dos seguintes epígrafes:

1.64 - Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco realizado en establecemento permanente (salvo epígrafe 647.5 -comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimentarios e bebidas en réxime de autoservicio ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas sexa igual ou superior a 300 metros cadrados; e epígrafe 647.5 -Subministro de produtos alimenticios e bebidas, excluído o tabaco, a través de máquinas expendedoras).

1.65 - Comercio polo miúdo de produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes (salvo epígrafe 652.1 - Farmacias, comercio polo miúdo de medicamentos, produtos sanitarios e de hixiene persoal; epígrafe 655 - Combustibles, carburante e lubricantes; e epígrafe 658 - Compravenda de gando).

1.662 - Comercio mixto ou integrado polo miúdo.

1.971 - Lavanderías, Tinturerías e servizos similares.

1.9721 - Servizos de perruquería de donas e cabaleiros e 1.9722 Salóns de institutos de beleza.

1.9731 - Servizos fotográficos.

1.975 - Servizos de enmarcación.

1.981.2 - Xardíns de recreo nos que a entrada é por prezo (A organización resérvase o dereito de poder modificar este detalle de IAE).

671 - Servizos en restaurantes

672 - Servizos en cafeterías

673 - De cafés e bares, con e sen comida.

676 - Servizos en chocolaterías, xaderías e orchaterías.

677 - Servizos prestados polos establecementos clasificados nos grupos 671, 671, 673, 681 e 682 das agrupacións 67 e 68, realizados fóra de ditos establecementos. Outros servizos de alimentación das agrupacións 67 e 68 realizados fóra de ditos establecementos.

721.2 - Transporte por autotaxis.


963 - Exhibición de películas cinematográficas e videos. (A organización resérvase o dereito de poder modificar este detalle de IAE).

Prazo de adhesión: 4 ao 16 de setembro, ambos inclusive.

PANCHA: A moeda de Ribadeo

PROCESO DE ADHESIÓN

1 
Regístrate en pancharibadeo.gal


2 
Cubre os datos.
Enche a túa ficha

3 
Validación
mediante SMS

4 
O Concello de Ribadeo notificará
via email se fuches aceptado/a
ou se debes aportar algunha
documentación adicional.


5 
Completa o perfil do
comercio (foto,
Localización no mapa ...)


6 
Descarga a APP
Pancha Ribadeo
para realizar os cobros

7 
Pásate polo Concello
de Ribadeo e recolle
o teu distintivo

8 
Listo para cobrar
a partir do **9 de setembro**


PROCESO DE COBRO

1 
Emite a factura ou factura
simplificada (ticket) co
importe total, datos e
número.


2 
Inicia sesión na app
Pancha Ribadeo, vai a
opción de cobrar e teclea o
importe total da compra.

3 
A persoa cliente amosa
o seu **código QR**.

4 
Lee o **QR** da persoa cliente.
Lembra que hai un **límite de
150 Pchs por compra**.


5 
Ingresa o número de ticket
e confirma a compra.
A plataforma rexista e
desconta o cargo das PCH.


6 
Confirma operación e listo,
pago realizado!


7 
Garda a factura/ticket.
O concello poderá proceder
á revisión das operacións co
obxecto de verificar o
cumprimento dos requisitos
da convocatoria.

TEN SEMPRE EN CONTA

1 
Non poderás validar máis de
150 Pchs por compra.

2 
A entidade colaboradora
efectúa o pago da cantidade
de panchas semanalmente.

3 
Os establecementos adheridos
á campaña poderán como
máximo recadar **3.000 €** de
compras da parte
correspondente as subvencións
concedidas as persoas
beneficiarias. Se acadas este
Limite a aplicación non che
dará opción a validar máis
panchas.

4 
Non se admitirá o pago con
panchas de bebidas espirituosas
segundo a definición do
Regulamento (CE), n° 110/2008
e no regulamento de Execución
(UE) n° 7161213

5 
Garda os tickets de cada
operación! **ISTO É ESENCIAL!**



*Son bebidas espirituosas aquelas bebidas alcohólicas destinadas ao consumo humano que posúen calidades organolépticas particulares e que teñen un grado alcohólico volumétrico mínimo de 15 por cento (14 por cento para o advocaat e Licor de ovo). Son bebidas como whisky, ron, xenebra, Licores etc...